



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo
 15704 Santiago de Compostela
 Tfno e fax: 981-570099
 Correo: adega@adega.gal
 Páxina electrónica: www.adega.gal

Fins Eirexas Santamaría, con DI XXXXXXXX-X, secretario técnico de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) e CIF X-XXXXXXXX, con domicilio a efectos de notificación na Avenida de Castelao, 20, baixo, 15704 Santiago de Compostela, presenta no ***trámite de información pública ás solicitudes dunha concesión de augas superficiais para a execución dun almacenamento hidráulico de enerxía no río Xallas, concello de Mazaricos, A Coruña (clave AC/7/180)***, as seguintes,

ALEGACIONES

1. Os promotores dos dous proxectos presentados (“Feroe Ventures & Investments, S.L.U.”, que solicitou 84,5 m³/s, e “Portodemouros Solar SL” con 0,1 m³/s para o enchido inicial da balsa inferior) mencionan na súa documentación o “Plan Nacional Integrado de Energía y Clima 2021-2030” (PNIEC) para xustificar as súas iniciativas como contribución para acadar os obxectivos de redución de emisións e penetración das enerxías renovábeis. Porén, esquecen que no que atinxe ás actuacións derivadas deste plano que se desenvolvan en masas de auga, quer os bombeos hidráulicos ou a implantación de sistemas de almacenamento con tecnoloxía de bombeo hidráulico, o PNIEC recolle de xeito textual que *“os bombeos hidráulicos terán que cumprir o disposto no plano hidrolóxico e en todo caso situaranse fóra da Rede Natura 2000 e/ou espazos protexidos, por canto son proxectos con impactos moi importantes como modificacións morfolóxicas de canles e ribeiras, así como perda de biodiversidade.”*
2. O artigo 92 do Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, establece obxectivos de protección entre os que se atopan previr a deterioración, protexer e mellorar o estado dos ecosistemas acuáticos, así como dos ecosistemas terrestres e humidaís que dependan de modo directo dos acuáticos en relación coas súas necesidades de auga. Centrándonos neste último aspecto, a Directiva Marco da Auga (DMA, 2000/60/CE) e a Directiva Hábitats (92/43/CEE) establecen obxectivos vinculantes en materia de protección e conservación dos ecosistemas que dependen da auga. A Directiva Marco da Auga

sinala claramente que os planos de bacía deben garantir que os espazos protexidos da Rede Natura 2000 dependentes da auga se atopen en bo estado de conservación. Estes obxectivos só se poden alcanzar ao garantir un réxime de caudais preciso e adecuado, polo que a detracción dos caudais solicitados sementa serias dúbidas sobre a súa consecución.

3. Polo que atinxe ao plano de bacía, neste caso o Plano Hidrolóxico correspondente ás bacías de Galiza-Costa, o actualmente vixente é do ciclo 2021-2027 que foi aprobado polo Real decreto 48/2023, de 24 de xaneiro. Neste documento, e no referido á masa de auga “Encoro de Santa Uxía” (ES.014.MR.184.000.03.01) que actuaría como depósito inferior para o proxecto de “Feroe Ventures & Investments, S.L.U.” e obxecto de captación para o de “Portodemouros Solar SL”, indícase que o seu estado ecolóxico non cumpre coas determinacións establecidas (Obxectivos Medio-Ambientais, OMA) para os parámetros de fósforo e transparencia. Trátase dunha masa de auga moi modificada nun estado total “peor que bon” (estado ecolóxico “moderado” e fisico-químico “peor que bo”) e que nos dous últimos ciclos de planificación consecutivos, dende 2009 a 2021, viu prorrogado o cumprimento dos obxectivos medio-ambientais, tal como acontece tamén para o actual ciclo 2021-2027. Neste senso, deberían cumprirse as condicións establecidas no artigo 39 do Regulamento 907/2007 de Planificación hidrolóxica, referido ás novas modificacións o alteracións das características físicas das masas de augas superficiais, ou alteracións das masas de auga subterránea. Particularmente importante é avaliar repercusión da captación sobre a estratificación da masa de auga do encoro, con especial atención aos posíbeis desequilibrios na concentración de parámetros químicos e físico químicos, así como a potencial afección ás zonas protexidas para abastecemento e ás comunidades biolóxicas.

Ningún dos proxectos presentados realiza unha análise das repercusións sobre as características das augas do encoro e doutras masas de auga afectadas, por se aqueles impediran acadar os OMAs.

4. Segundo a lexislación de augas, as actividades desenvolvidas en dominio público hidráulico non deberán ser causa de incumprimento, tanto dos obxectivos ambientais recollidos no Plan Hidrolóxico, como daqueles outros sinalados no artigo 4 da Directiva 2000/60/CE (Directiva Marco da Auga), referidos a previr a deterioración, protexer, mellorar e rexenerar as masas de auga superficial co fin de alcanzar o seu bo estado, e que lembramos neste apartado:

Os Estados membros protexerán e mellorarán todas as masas de auga artificiais e moi modificadas, con obxecto de lograr un bo potencial ecolóxico e un bo estado químico das augas superficiais como moi tarde quince anos despois da entrada en vigor da presente Directiva, de conformidade co disposto no anexo V, sen prexuízo da aplicación das prórrogas establecidas de conformidade co seguinte apartado, e da aplicación dos apartados 5, 6 e 7 e con todo o disposto no apartado 8 da DMA.

Estes prazos establecidos poderán prorrogarse para a consecución progresiva dos obxectivos relativos ás masas de auga, sempre que non haxa novos deterioracións

do estado da masa auga afectada, cando se cumpran todas as condicións seguintes:

a) que os Estados membros determinen que todas as melloras necesarias do estado das masas de auga non poden lograrse razoablemente nos prazos establecidos no devandito apartado por polo menos un dos motivos seguintes:

i) que a magnitude das melloras requiridas só pode lograrse en fases que exceden o prazo establecido, debido ás posibilidades técnicas,

ii) que a consecución das melloras dentro do prazo establecido tería un prezo desproporcionadamente elevado,

iii) que as condicións naturais non permiten unha mellora no prazo establecido do estado das masas de auga;

b) que a prórroga do prazo, e as razóns para iso, consígnense e expliquen especificamente no plan hidrolóxico de cunca esixido con arranxo ao artigo 13;

c) que as prórrogas se limiten a un máximo de dúas novas actualizacións do plan hidrolóxico de cunca, salvo nos casos en que as condicións naturais sexan tales que non poidan lograrse os obxectivos nese período;

d) que no plan hidrolóxico de cunca figure un resumo das medidas esixidas con arranxo ao artigo 11 que se consideran necesarias para devolver as masas de auga progresivamente ao estado esixido no prazo prorrogado, as razóns de calquera atraso significativo na posta en práctica destas medidas, así como o calendario previsto para a súa aplicación. Nas actualizacións do plan hidrolóxico de cunca figurará unha revisión da aplicación das medidas e un resumo de calquera outras medidas.

As dúas solicitudes de concesión rexistradas teñen como obxectivo a produción de enerxía eléctrica. Nen as concesións solicitadas nen os proxectos que pretenden beneficialas teñen sido valorados no Plano Hidrolóxico da bacía, e como xa advertimos, poderían comprometer a consecución dos obxectivos medio-ambientais (OMAs) para o ano 2027, cuxo cumprimento ten sido xa por dúas veces prorrogado para a masa “Encoro de Santa Uxía” (ES.014.MR.184.000.03.01). E lembramos tamén que na normativa do vixente Plano Hidrolóxico da bacía Galiza-Costa os usos ambientais prevalecen sobre os hidroeléctricos. Consideramos que unha eventual nova prórroga debida ás distorsións e alteracións introducidas por novas concesións como as solicitadas para esta masa de auga resulta inaceitábel e apuntaría a unha grave irresponsabilidade e mesmo negligencia por parte da administración hidráulica.

5. Polo que atinxe aos espazos protexidos, os proxectos presentados atópanse moi próximos ao espazo da Rede Natura 2000 ZEC “Carnota-Monte Pindo” (ES1110008), situado inmediatamente ao Oeste e contiguo ao encoro de Santa Uxía. A este respecto no vixente Plano Hidrolóxico para o río Xallas, que atravesa a ZEC ES1110008 augas abaixo do encoro de Santa Uxía, aínda non se determinaron todas as compoñentes dos caudais ambientais, quer os requerimentos hídricos das zonas protexidas da Rede Natura 2000.

Asemade, o Encoro de Santa Uxía figura no Inventario de Zonas Húmidas de Galiza (cód. 111095) e foi considerado a teor da Directiva 91/271/EEC “zona sensible” (cód.

ES014ZSENPZSGC20) así como a súa área de captación, na última actualización da declaración de “zonas sensibles” no ámbito de Galicia-Costa (resolución do 5 de xullo de 2018 pola que se revisa a declaración de zonas sensibles no ámbito territorial das concas hidrográficas de Galicia-Costa). Contrariamente ao requirido para as zonas sensibles, na documentación dos dous proxectos non se valoran as afeccións derivadas do desvío de caudais e das continuas variacións no nivel do encoro na mobilización de contaminantes.

As afeccións dos aproveitamentos propostos atinxen directamente á bacía do encoro de Santa Uxía através do rego de Ribeiratorta (ID 1003776132), e á bacía do Río de Arcos (ID 100377612) e afluentes. Nestas bacías atópanse autorizadas e activas senllas captacións para abastecemento: no río de Arcos (14.RW.07.100) e no encoro de Santa Uxía (14.RW.07.070), esta última para o subministro da mancomunidade de Muros-Carnota (ID 1511). As demandas hídricas dos aproveitamentos solicitados provocarán modificacións substanciais do balanço hídrico destas bacías tanto augas abaixo como tamén augas arriba, afectando negativamente ás anteditas captacións tanto no rexime de caudais como nos parámetros de calidade físico-química.

No que atinxe á construción das balsas, canalizacións e centrais soterradas e á súa operación, o proxecto de “Feroe Ventures & Investments, S.L.U.” xerará un volume de excedentes de materiais de excavación de 2.782.584 m³ que a empresa pretende deitar en 4 lugares de depósito próximos. Pola súa banda, o proxecto de “Portodemouros Solar SL” (balsa dupla), prevé dar lugar a 1.789.835,11 m³ de excedentes xeolóxicos, dos que non se indica a localización do depósito. Ningún dos dous proxectos avalía as afeccións ambientais e sobre as augas superficiais e subterráneas da extracción, traslado e depósito destes materiais. Tampouco se contempla a necesidade de estudar o posíbel grao de eutrofia das balsas logo de cheas e durante a operación e o seu posíbel impacto na calidade das masas de auga receptoras situadas augas abaixo.

A construción destas infraestruturas eliminará unha superficie significativa de áreas hidromorfas con hábitats higrófilos (matogueira húmida e turbeiras), particularmente nas zonas altas. Os hábitats prioritarios tipo 4020* (breixeiras húmidas atlánticas de zonas temperadas de *E. ciliaris* e *E. tetralix*); 7110* (turberas altas activas), así como o de interese comunitario 7120 (turbeiras altas degradadas que poden rexenerarse de xeito natural), están presentes na área afectada. No contexto da actual mudanza climática, a Directiva Marco da Auga (2000/60/CE) impón especiais medidas de conservación para as zonas húmidas en sentido amplo: ríos, lagos, xunqueiras, brañas, turbeiras e gándaras adquiren unha dimensión chave e a súa protección tórnase estratéxica para amortecer os efectos adversos do clima, capturar carbono, regular o ciclo hídrico e manter a biodiversidade. Pola súa banda, a Directiva de Hábitats 92/43/CEE establece a obriga de manter en bo estado de conservación determinados hábitats e especies chave para o mantemento da biodiversidade en Europa e preservar os servizos ecosistémicos que prestan á poboación. A eliminación física e a degradación destes hábitats, particularmente arredor da canle e na cabeceira do rego de Ribeiratorta (ID 1003776132) e a bacía do Río de Arcos (ID 100377612) contravén as disposicións das Directivas 2000/60/CE e 92/43/CEE.

6. Finalmente, chamamos a atención sobre o feito de que as empresas peticionarias pretenden un prazo concesional de 75 anos para os seus aproveitamentos. No encoro Santa Uxía, que necesariamente funcionaría como depósito inferior para o proxecto de “Feroe Ventures & Investments, S.L.U.” e fornecedor do caudal inicial para o de “Portodemouros Solar SL”, hai vixente unha concesión para usos hidroeléctricos (98,1 MW) que se estende até o ano 2063. Tendo en conta isto, a autorización de novos aproveitamentos para centrais reversíbeis ou de bombeo alongaría de facto a permanencia do encoro de Santa Uxía moito máis aló do prazo máximo concesional. Deste xeito o río Xallas, o máis densamente explotado da bacía de Galiza-Costa, con 4 encoros en 15 km de río (Ferverza, Ponte Olveira, Castrelo e Santa Uxía) e 7 aproveitamentos: Ferverza e Ferverza II (3,6 e 6,3 MW); Ponte Olveira e Ponte Olveira II (2,7 e 6,3 MW); Castrelo e Novo Castrelo (28,7 e 28,7 MW); e Santa Uxía (98,1 MW); podería ficar até 189 anos regulado (dende 1910, data do primeiro aproveitamento no río, até o ano 2099), o que resulta absolutamente inaceitábel alén de contravir a Directiva Marco e a vixente lexislación de augas.

Polo o anteriormente exposto, dende ADEGA **SOLICITAMOS** que se teñan en conta as presentes alegacións e que por parte desta administración se comunique ao promotores “Feroe Ventures & Investments, S.L.U.” e “Portodemouros Solar SL” a desestimación dos proxectos presentados para unha **concesión de augas superficiais para a execución dun almacenamento hidráulico de enerxía no río Xallas, concello de Mazaricos, A Coruña (clave AC/7/180)**.

Compostela, setembro de 2024

Asdo dixitalmente. Fins Eirexas, secretario técnico de ADEGA